

XOGAR PARA APRENDER APRENDER XOGANDO

No mes de marzo o
Equipo de Biblioteca
ten preparadas unhas
actividades para xogar
coas palabras. O día
21 é o Día da Poesía!!.
A ver cantos poetas e
poetisas temos no
cole!!!!



**" O MENDIGO POETA
ERA MOI POBRE.
AÍNDA QUE O
CHAMABAN ASÍ
NON ERA POETA: TAN
SÓ SE ALIMENTABA DE
VERSOS"**

**"El Mendigo poeta"
Víctor González**

**EQUIPO DE BIBLIOTECA
CEIP PINTOR LAXEIRO**

UNHA ACHEGA PARA XOGAR A APRENDER OU A APRENDER XOGANDO

- **NESTE DOCUMENTO VEREDES UNHAS ACTIVIDADES SINXELAS ORGANIZADAS EN TORNO Á POESÍA.**
- **PODÉMOLAS TRABALLAR PRIMEIRO DE FORMA COLECTIVA.**
- **LOGO TODO DEPENDERÁ DA CAPACIDADE CREATIVA DE CADA UN.**



CONSELLOS

- Vence os medos porque escribir poesía non é difícil.
- Convéncete que escribir poesía está ao alcance de toda capacidade creativa.
- Non identifiques poesía só con verso rimado, con estrofas tradicionais.




ACRÓSTICOS

- Escribimos un nome ou unha frase curta en vertical.
- Cada letra será o comezo dunha palabra ou frase.
- Ao final, quedará un texto con sentido (ou un pouco surrealista).

ROSALÍA

Raíña de
Obras agrestes
Señora de
Albas cadeas.
Lerémolas moito
Intentos de ver cada día
Abrentes.



AUGA

A chuvia cae
Un día tras outro.
Gotas cheas de vida,
Auga que o limpa todo.



NOME + ADXECTIVO

- Trátase de crear un listado de nomes sobre un tema e adxuntarlles un adxectivo.
- Por exemplo, ao tema **"Pobo"** escribimos os seguintes adxectivos e nos quedaría un poema así:




Tellados **fumeantes**,
rúas **solitarias**,
casas **envellecidas**,
fonte **calada**...

RIMAMOS NOMBRES?

- **ELIXIMOS NOMBRES PROPIOS: DOS NIÑOS/AS DE LA AULA, DE LA FAMILIA ...E CREAMOS UNA RIMA CON NOMBRES DE COSAS QUE LES GUSTAN, QUE NO LES GUSTA, COMO É/SON, COMO ESTÁN...**

**A MARTIÑO
ENCÁNTANLE AS LAMPREAS
DO MIÑO.**

**A RAMÓN
GÚSTALLE O
TROMBÓN.**



RIMANDO PARELLAS DE PALABRAS

- FACEMOS IGUAL QUE RIMANDO NOMES, PERO ESTA VEZ ESCOLLEMOS CALQUERA PARELLA DELES.

POR EXEMPLO: ESPELLO/COELLO.

**"DE MIRARSE NO ESPELLO
TEN ORELLAS DE COELLO".**



CONCATENACIÓN

- **COMEZAMOS CADA VERSO CO FINAL DO ANTERIOR. DE ANTONIO MACHADO ESCOLLEMOS O EXEMPLO:**

**A praza ten unha torre,
a torre ten un balcón,
O balcón ten unha dama,
a dama unha blanca flor.**



ANÁFORA OU PARALELISMO

- **ANÁFORA**: repetimos as palabras ao comezo dos versos.
- **PARALELISMO**: repetimos a mesma estrutura sintáctica.



**"Os gatos maúllan,
os gatos ronronean,
os gatos se relamen.
Os gatos na tarde,
os gatos pasean".**

ASÍNDETON

- **Supresión da conxunción "e".**

"Desmaiarse, atreverse, estar furioso, áspero, tenro, liberal, esquivo, alentado, mortal, defunto, vivo, leal, traidor, cobarde e animoso..."



HAIKUS

- Esta forma poética xaponesa, se compón de **tres versos sen rima.**
- Está formada por **unha soa oración** distribuída en versos: o primeiro ten **5** sílabas, o segundo **7** e o terceiro **5 sílabas** (aínda que hai variacións).
- Tradicionalmente o Haiku buscaba **describir os fenómenos naturais, os cambios de estacións ou a vida cotiá da xente:**



**"Un vello estanque,
zambúllese unha ra,
ruido de auga".**



**"O sol pintor
saca da escuridade
arcos da vella".**



**"Dedos de mar:
concerto de piano
no acantilado".**

LIMERICKS


- É UNHA ESTROFA CON **CINCO VERSOS** QUE CONTÉN UN **DISPARATE** CODIFICADO E **ORGANIZADO**.

- **Primeiro verso:** pensa nun protagonista (cabaleiro, neno, obxecto, flor, ruído, son, ritmo..) e descríbeo engadindo dous adxectivos.

- **Segundo verso:** imaxina algo que lle sucedeu ao protagonista, escríbeo procurando que rime co anterior.

- **Terceiro e cuarto verso:** conta como lle foi ao protagonista (normalmente mal ou en contra do que esperaba) procurando que rimen entre si.

- **Quinto verso:** podes rematar o limerick repetindo o primeiro verso ou podes pechalo cunha moralexa ou cun epíteto.



"Unha formiga **sabia** e **amorosa**
quixo estudar cunha **osa**;
a osa estaba nunha **pileta**
e non quixo estudar nin o A, nin o **Z**
coa formiga sabia e amorosa".



COMPARACIÓNS/ METÁFORAS/ SENSACIÓNS

- Recursos literarios que consisten en destacar unha semellanza entre dous elementos a través dunha partícula comparativa ou establecer unha relación de identidade.
- Neste exercicio escollemos un adxectivo, escribimos comparacións e ao final compoñemos a sensación que nos produce.

- Escollemos un adxectivo: **longo**.
- Escribimos comparacións con el:
"longo **como un día de clase sen recreo a sombra do atardecer**".



- Eliminamos a forma propia da comparación e queda a imaxe, a sensación, a metáfora.
"**lentitude** nun día de clase sen recreo, sombra do atardecer, pingas de auga na miña xanela ..."



QUE? COMO? ONDE?

- **Técnica moi sinxela á que podemos sacarlle moito partido.**

- **Primeiro verso: que?** Escribimos un determinante cun substantivo.

O sol

- **Segundo verso: como?.** Dicimos como é ou como está.

grande, fermoso.

- **Terceiro verso:** escribimos unha metáfora/imaxe.

vagalume do día

- **Cuarto verso: onde?.** Escribimos onde está.

na recta do horizonte

- **Quinto verso:** repetimos o primeiro.

O sol



Quen? Onde? Cando? Como? Que fixo? Con quen?

- **Podemos facer variantes da anterior. Como esta proposta de G. Rodari na súa obra "Gramática de la fantasía".**

**"Un moucho
no ceo
á tardiña,
silenciosamente
voaba
coa lúa".**



POEMAS MECANICISTAS

- O lingüista R. Jakobson dicía que a poesía se basaba en dous mecanismos: a repetición e a substitución.
- Presentamos uns poemas repetitivos aos nosos alumnos/as e lles pedimos que fagan substitucións.

ISIS Y OSIRIS

**Templo de hielo.
Cuerpo de nieve.
Alma de acero.
Sangre de viento.**

**Trueno, rayo, tormenta.
Rama de árbol seca.
(Orixinal)**



**Templo de pedra.
Corpo de xeo.
Alma de bronce.
Sangue de abeto.**

**Chuvia, neve, granito.
Rama de olmo seco.
(Imitación)**

GREGUERÍA= HUMOR + METÁFORA

- AÍNDA QUE NON SEMPRE É ASÍ. PODE SER "UN MATIZ AUDAZ", "UNHA PIFIA OU BALBUCEO"...
- Exemplo de Greguerías:
"Ao escoitar a serea parece que o barco soa o nariz".
"Os arcos de triunfo son elefantes petrificados".

PODEMOS PROPOR QUE FAGAN GREGUERÍAS COAS LETRAS DO ABECEDARIO

- O S parece que quere reptar sobre o T.
- A media lúa de o C ilumina o ceo do alfabeto.
- O O é o prato do abecedario.

O MUNDO ESCOLAR

- A mochila é a cangura dos libros.
- O dicionario é o faiado das palabras.



A PERSONIFICACIÓN

- O neno/a tende a personificar aos animais e as cousas.
- Os obxectos viven, falan, gozan e padecen.



AS COUSAS ACTÚAN COMO AS PERSOAS

- A ÁRBORE ESPERTA AO MENCER, DESPEREZA OS SEUS BRAZOS AO VENTO, PEINA A SÚA CABELEIRA...
- OS PINOS TREPAN POLAS FALDAS DAS MONTAÑAS, OS ABETOS ADORNAN O NADAL, OS CIPRESES LEVANTAN O SEU DEDO NO CIMETERIO, OS ALMENDROS ANUNCIAN A PRIMAVERA...



CALIGRAMAS OU POEMAS VISUAIS

- Apollinaire, representante do imaxinismo, chegou a imitar nos seus **caligramas**, cos seus versos, a forma material dos obxectos que cantaba.



PICTOGRAMAS

**TRÁTASE DE SUBSTITUÍR OS SUBSTANTIVOS
POR DEBUXOS.**

Dona Carme tiña un



debaixo da súa



O



cantaba,

a



ladraba,

a



miañaba,

o



chiaba e

Dona Carme non se decataba

*Dona Carme
Manuel Bragado
Ed. Ir Indo*

CAIXA DE PALABRAS

- Necesitamos catro caixas con cores diferentes.
- Por exemplo a **azul** e a **vermella** para meter nomes comúns; **a verde**, para adxectivos e a **amarela** para verbos.
- Imos enchendo as caixas e cando o consideremos empezamos a xogar.
- Van collendo nesta orde:
Subst. +adx. +verbo+subst.
- Engadimos determinantes e variamos as formas verbais.

**"A neve dourada
pintaba na rúa".**



- Xa podemos continuar e ir aplicando os recursos xa traballados:

**"A neve dourada
pintaba na rúa. (personificación)
Pintaba unha rosa,
pintaba un xasmín (anáfora)
pintaba cabalos
pintábame a min". (rima)**



***Antonio G. Teijeiro
"A poesía necesaria"***

ADIVIÑAS

G. Rodari explica a formación de adiviñas en catro operacións:

- **Definimos un obxecto...de forma moi sinxela e esquemática.**
- **Asociación e comparación.**
- **Matáfora.**
- **Dar forma á definición misteriosa.**



ADIVINA ADIVINANZA

**Que cousa é
que anda e anda
e nunca sae
da súa casa?**



**É pomba de cores.
Corpo de papel.
Sobe cara ao ceo.
Longo e fino o pé.
Por se non o sabes,
dígoche o que é?**



IMOS DICIR MENTIRAS

Na tradición atopamos uns exemplos extraordinarios para que os nenos/as aprendan a súa estrutura e podan crear versos divertidos e creativos.

**Se ti viras o que eu vin
na feira de Monterroso
vintecinco xastres xuntos
a cabalo dun raposo.**



**Na miña vida tal vin
nesa aldea de Seráns:
unha cadela con pitos,
unha galiña con cans.**



SONS E ONOMATOPEIAS

Os sons e as onomatopeias son recursos magníficos para inventar creacións orixinais e incluso divertidas.

Os sons e as onomatopeias préstanse a escribir de xeito libre.

Ao principio non é necesaria a medida. Logo podemos introducir variacións: os versos pares coa mesma medida...



**Toc, toc!
na porta petando.
Toc, toc!
Estás escoitando?
Toc, toc!
Eu non quero abrir.
Toc, toc!
Eu marchó a durmir.**

CONVERTEMOS UN CONTO COÑECIDO NUN POEMA

**A TÉCNICA CONSISTE EN ESCOLLER UN CONTO COÑECIDO
POR TODOS. RECORDAMOS O ARGUMENTO E ENTRE TODOS
CONSTRUÍMOS UN POEMA**

**Un día Carapuchiña foi xunta a súa avoíña.
Moi contenta leváballe mel e tortiñas nunha cestiña.**

**Cando ía polo bosque atopouse co lobo feroz
que con boas artimañas enganouna coa súa voz.**

**O lobo adiantouse e á casa da avoa chegou.
Dun bocado comeuna e disfrazándose esperou.**

**Cando chegou Carapuchiña veu cousas moi raras,
mais non podía imaxinar quen estaba na cama.**

**Cando quixo comela pasou un cazador.
Colleu ao lobo e a barriga raxou.**


**Carapuchiña e a avoa un gran abrazo se deron,
xogaron toda a tarde e tortiñas comeron.**



BIBLIOGRAFÍA

A BIBLIOGRAFÍA É MOI NUMEROSA. AQUÍ SOAMETE REFLECTO A QUE CONSULTEI PARA CONFECCIONAR ESTE DOCUMENTO.

- ***"A poesía necesaria"***. Antonio García Teijeiro. Ed. Galaxia.
- ***"Taller de producción de textos"***. Mabel Condemarín e Mariana Chadwick. Ed. CEPE.
- ***"Gramática insubordinada. Obradoiro de Lingua Gianni Rodari"***. Ed. Xerais.
-
- ***"La redacción hecha método"***. Carlos Urdiales Recio; Aurelio Labajo Pelló. Ed. Bruño.
- ***"Curso de creatividad y lenguaje"***. Isabel Agüera. Ed. Narcea.
- ***"Gramática de la fantasía"***. G. Rodari. Ed. Aliorna.



Condensar vida en palabras.
Encher as palabras desoutras dimensións que só a vida
outorga.
Deter o instante.
Describir o arreguizo dunha ollada.
Colorear o ar.
Ponerlle nome a unha bágoa, e que esa bágoa se converta
en illa nova.
Naufragar nas illas imaxinarias.
E ser feliz, malia todos os naufraxios.
Porque está nua palabra túa prevista para me emocionar.
Velaquí o que é a poesía para min.

Xosé A. Neira Cruz

M^a Dolores Crespo / Couselo
Coordinadora da Biblioteca
CEIP Pintor Laxeiro- Vigo.

<http://abibliodopintorlaxeiro.blogspot.com>